

BASES DO “XV CONCURSO DE ESCAPARATES DO CONCELLO DE AMES NADAL 2020”

- 1) Para inscribirse no concurso é obrigatorio ser maior de idade e titular ou co-titular dun establecemento comercial situado no Concello de Ames.
- 2) Os motivos e decoración dos escaparates terán como tema as Festas de Nadal.
- 3) A inscrición é gratuíta.
- 4) O prazo de **presentación de solicitudes rematará o día 23 de decembro de 2020.**
- 5) As solicitudes poderán presentarse de luns a venres, en horario de 09:00 a 14:00 horas, nos rexistros municipais existentes en:
 - sede.concellodeames.gal
 - Casa do Concello en Bertamiráns
 - Oficinas Municipais no Milladoiro
- 6) Os escaparates deberán estar **expostos, como mínimo, entre os días 23 de decembro de 2020 e o 7 de xaneiro de 2021.** Aqueles escaparates que non se atopen montados no momento da visita dalgunha das persoas que forman parte do xurado quedarán excluídos do concurso.
- 7) O xurado estará composto por 3 membros:
 - Un/unha representante do voluntariado de Ames.
 - Un/unha representante voluntario da aula da natureza
 - Un/unha representante do voluntariado de protección civil de Ames

Así mesmo, persoal pertencente á Concellaría de Promoción Económica actuará como secretario.

- 8) O xurado valorará os escaparates participantes pola súa capacidade de atracción e xeración do desexo de compra, en base aos criterios de composición e deseño, tendo en conta, ademais, a orixinalidade e a elaboración propia. Do mesmo xeito, valorarase a

utilización de elementos propios do obxecto de venda da actividade e materiais de refugallo. Os escaparates serán valorados por cada un dos membros do xurado cunha puntuación máxima de 10 puntos.

9) Non poderán participar no concurso as persoas que formen parte do xurado e que sexan titulares ou co-titulares dun establecemento comercial, así como calquera outra persoa que teña un parentesco en primeiro ou segundo grao con algún membro do xurado. Os participantes non poderán ter débedas coa seguridade social, con facenda ou co Concello de Ames-

10) O fallo do xurado será inapelable e darase a coñecer **durante o mes de xaneiro de 2021.**

11) O “XV Concurso de Escaparates do Concello de Ames Nadal 2020” está dotado coa cesión de espazos publicitarios gratuítos en Ames Radio durante un mes consecutivo, a determinar de acordo coas necesidades de programación da radio municipal, para os *cinco gañadores*.

Ademais entregaranse os seguintes **premios económicos** aos titulares ou co-titulares inscritos:

- Primeiro/a clasificado/a:	1.000 €
- Segundo/a clasificado/a:	700 €
- Terceiro/a clasificado/a:	400 €
- Cuarto clasificado/a:	300€
- Quinto clasificado/a:	100€

A estes importes aplicaráselles a retención do IRPF que corresponda no momento da entrega dos premios.

12) Sorteo para consumidores

- O Concello de Ames entregará **150 boletos** a cada establecemento inscrito no “XV Concurso de Escaparates do Concello de Ames Nadal 2020” para que sexan distribuídos entre a súa clientela.

- Deberán cubrirse todos os campos dos boletos e asinar no espazo reservado para elo. No caso de que algún campo se deixe baleiro, incluída a sinatura do/a cliente e o

selo/sinatura do establecemento, ese boleto será considerado como nulo.

- Os boletos depositaranse, debidamente cubertos, nas urnas situadas na Casa de Cultura e Casa do Concello, en **Bertamiráns** ou na Casa de Cultura e Biblioteca, no **Milladoiro** entre o **23 de decembro de 2020 e o 7 de xaneiro de 2021**.

- O Concello poderá anular aqueles boletos que estime ou teña indicios de que foron cubertos por persoal do establecemento e non pola clientela.

- Todas aquelas persoas que depositen un boleto nas urnas habilitadas, participarán no **sorteo** dun **talón por importe de 100 €** para realizar compras nos establecementos comerciais de Ames. Sortearanse **un total de 9 talóns bancarios**, e todos por importe de 100 €.

- O sorteo terá lugar a finais do mes de xaneiro de 2021, unha vez rematado o período de Nadal.

- Extraeranse 9 boletos, de maneira que cada boleto corresponderá a unha persoa gañadora, non se poderá optar a mais de un premio por persoa. Máis tarde volveranse a retirar outros 18 boletos, que serán asignados como suplentes na mesma orde en que foron retirados da urna.

- No caso de que por calquera circunstancia non se puidera contactar coas persoas gañadoras nun prazo de 3 días hábiles, o premio será adxudicado ás persoas asignadas como suplentes.

- Se tampouco fóra posible contactar cos suplentes o premio declararase deserto.

13) O Concello de Ames resérvase o dereito de modificar estas bases, así como os diferentes premios establecidos.

14) A participación no “XV Concurso de Escaparates do Concello de Ames Nadal 2020” implica a aceptación destas bases.